

## II CONCURSO NADAL EN PARROQUIAS DE PONTEDEUME

A Concellería de Parroquias do Concello de Ponte deume organiza o II Concurso de Nadal en Parroquias invitando a toda a cidadanía a desfrutar das festas de Nadal de maneira responsable, participativa e respetuosa co medio ambiente.

### **Bases:**

#### **1º Obxectivo**

O obxectivo principal deste concurso é fomentar que a veciñanza participe na realización da decoración das súas casas con motivos de nadal (adornos, iluminación, figuras, etc..) poñendo en valor e dando visibilidade ás diferentes parroquias do Concello de Ponte deume.

Así mesmo, deséxase fomentar o uso de materiais reciclables, concienciando así á veciñanza sobre os beneficios da reciclaxe, a redución do consumo e a transformación de elementos desbotados como novas materias primas.

#### **2º Participantes**

Pódese participar neste concurso todas as persoas que realicen decoración de nadal no seu balcón, fiestra, porta, fachada ou xardín exterior nas parroquias do Concello de Ponte deume: Andrade, Boebre, Centroña, Nogueirosa, Ombre e Vilar

Establécense tres modalidades:

- Familiar ou individual: Vivendas individuais.
- Colectivos por urbanización: Conxunto de vivendas pertencentes a unha urbanización.
- Colectiva por parroquia: Conxunto de vivendas pertencentes a unha única parroquia.

#### **3º Materiais empregados**

A técnica para a realización da decoración é libre. Poderáse utilizar calqueira material, especialmente os materiais residuais susceptibles de ser transformados en novos obxectos de temática de nadal (bolas de nadal, farolillos, cadenetas, lámparas, árbores de nadal). Tamén poderase empregar iluminación para realzar as decoracións realizadas.

#### **4º Inscricións**

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscrición ata o día 23 de decembro de 2022 no Rexistro do Concello de Ponte deume ou sede electrónica <https://sede.pontedeume.gal/> indicando a modalidade na que se inscriben (individual, por urbanizacións ou parroquias, ésta última representada a través da súa Asociación de Veciñas e Veciños).



**5º Condicións de participación**

As obras e decoracións realizadas deberán estar expostas como mínimo ata o 6 de xaneiro de 2023 e deberá aparecer recollido a través dunha cartela ou calquer outro modo de representación o nome "Nadal en parroquias de Ponte deume"

**6º Entidade organizadora**

O organismo encargado da avaliación deste concurso será o Concello de Ponte deume, a través da Concellería de Parroquias.

**7º Xurado**

O xurado estará composto por representantes da Concellería de Parroquias e persoas pertencentes a colectivos profesionais de decoración, iluminación, ambientación e atrezzo.

**8º Valoración**

Para a avaliación dos elementos decorativos de Nadal teránse en conta os seguintes criterios:

- Deseño
- Orixinalidade
- Iluminación
- Cantidade e tipoloxía dos materiais reciclables empregados
- Fomento dos valores locais.

A resolución do xurado será inapelable e todas as persoas participantes comprométense a aceptar a decisión do mesmo.

**9º Premios**

Categoría individual: Diploma e bono de viaxe.

Categoría colectiva/parroquia: Diploma e trofeo.

